



### **III. Plan de Continxencia para o curso 21-22 do CRD de Ourense**

(Versión 4.0, 28/03/22)

#### INDICE

##### **A) Traballadores/as**

- 1. Casos sospeitosos (sintomáticos).**
- 2. Casos positivos confirmados ou por autotest.**
- 3. Contactos cun caso positivo.**

##### **B) Residentes e colabores/as bolseiros/as**

- 1. Xestión de casos sospeitosos (sintomáticos).**
- 2. Xestión de casos positivos confirmados ou por autotest.**
- 3. Xestión de contactos cun caso positivo.**
- 4. Medidas de prevención nos cuartos de illamento.**
- 5. Comunicación dos casos**
- 6. Algoritmos de actuación.**

*Este plan contén as pautas de actuación para a detección, xestión e comunicación dos casos sospeitosos, casos confirmados e contactos estreitos ou casuais de risco de contaxio para Covid-19 que se poidan presentar no centro nos distintos e máis probables escenarios previstos, dentro da complexidade das características e actividade do centro.*

*Este plan debe ser lido por completo e ao detalle para garantir o seu correcto entendemento e aplicación. En caso de dúbidas deberá consultarse co Equipo COVID do centro.*



## A) Traballadores/as

### 1. Casos sospeitosos (sintomáticos).

Todas as persoas vinculadas ao centro que presenten síntomas compatibles coa Covid-19 (alomenos un) terán a consideración de caso sospeitoso e deberán **usar de maneira inmediata máscara**, preferentemente cirúrxica ou FFP2 (non hixiénica), e extremar as medidas de prevención **ata pasadas alomenos 24 horas dende a fin dos síntomas**.

A persoa traballadora sintomática **poderá incorporarse ou permanecer** no seu posto de traballo **se o seu estado de saúde llo permita, mais de non ser así**, deberá poñerse en contacto co seu médico de atención primaria de referencia ou PAC de garda para que valore o caso, facilite instrucións e, de ser preciso, realice as xestións laborais pertinentes **que deberán ser comunicadas ao centro polas vías habituais**. En caso de presentar sintomatoloxía de gravidade ou dificultade respiratoria porase directamente en contacto co 061.

### 2. Casos positivos confirmados ou por autotest.

Todas as persoas vinculadas ao centro, atópense ou non nel, deberán comunicar ao Equipo COVID, preferentemente ao médico, se resultan positivas para Covid-19. Esta comunicación deberá realizarse á maior brevidade, de ser posible no propio día e sempre dentro das 24h seguintes a recibir dita confirmación. O Equipo COVID realizará a comunicación do caso ás autoridades sanitarias á maior brevidade posible.

Deberán **usar de maneira inmediata e obrigatoria máscara cirúrxica ou FFP2 (non hixiénica)** e extremar medidas de prevención. Así mesmo, deberán facilitar os datos daquelas persoas vinculadas ao centro coas que puidese ter mantido contacto estreito de risco.

A persoa traballadora sintomática **poderá incorporarse ou permanecer no posto de traballo se o seu estado de saúde llo permita**. **No caso contrario actuarase segundo o establecido no apartado previo nº1.**

### 3. Contactos cun caso positivo.

Todas as persoas vinculadas ao centro, atópense ou non nel, deberán **comunicar** ao Equipo COVID, preferentemente ao médico, se teñen a certeza ou a sospeita de ter mantido contacto estreito cunha persoa que resultase positiva para Covid-19, especialmente se se trata dunha persoa do seu núcleo de convivencia familiar. Esta comunicación deberá realizarse á maior brevidade, de ser posible no propio día e sempre dentro das 24h seguintes a ter coñecemento desta circunstancia.

Deberán **usar de maneira inmediata máscara**, preferentemente cirúrxica ou FFP2 (non hixiénica), e **extremar medidas de prevención durante os 10 días posteriores ao último contacto**, especialmente do uso correcto e continuado da máscara e evitando permanecer en espazos pechados sen ventilar. **Ademais, deberán realizar estreita vixilancia da aparición de síntomas compatibles coa Covid-19 e, de ser o caso, actuarase segundo o establecido no apartado previo nº1.**



## B) Residentes e colabores/as bolseiros/as

### 1. Xestión de casos sospeitosos (sintomáticos).

As persoas que presenten síntomas compatibles coa Covid-19 (alomenos un) terán a consideración de caso sospeitoso e deberán **usar de maneira inmediata máscara, preferentemente** cirúrxica ou FFP2 **non áxénica**, e extremar as medidas de prevención.

Ante a presenza de síntomas **cando o/a residente se atope NO DOMICILIO** deberá **poñerse en contacto** co seu médico de atención primaria de referencia ou co PAC de garda para que valoren o caso, facilite instrucións e, de ser preciso, realice as xestións sanitarias pertinentes. En caso de presentar sintomatoloxía de gravidade ou dificultade respiratoria porase directamente en contacto co 061.

De recomendarse illamento preventivo **é ou repouso domiciliario**, e polo tanto non acudir ao centro de estudos nin ao centro residencial, isto deberá ser comunicado a ambos centros á maior brevidade posible, de ser posible no propio día e sempre dentro das 24h seguintes a recibir ditas indicacións, e será preciso aportar un xustificante médico. Estas ausencias serán debidamente rexistradas e supervisadas periodicamente polo Equipo COVID e/ou o equipo docente do centro. Se esta comunicación se realizase a un do equipo docente e/ou directivo este deberá comunicalo o antes posible ao Equipo COVID, preferentemente ao médico. Ademais, cando unha persoa residente comunique ao persoal docente e/ou directivo que por motivos de saúde non se incorporará ao centro, especialmente se non facilita información e/ou documentación que permita descartar a sospeita de Covid-19, este deberá informar o antes posible ao Equipo COVID, preferentemente ao médico, para que, se o estima oportuno baixo criterio sanitario, se poña en contacto coa persoa residente para coñecer e valorar o seu estado de saúde.

A persoa afectada poderá **regresar** ao centro **se o seu estado de saúde lle permite a asistencia ás actividades académicas**, mais deberá pasar por consulta médica para a súa valoración na primeira quenda que lle permitan os seus horarios académicos. En todo caso, a persoa residente deberá avisar ao médico do centro da súa intención de reincorporarse e será el quen decida sobre a idoneidade da reincorporación e cando poderá realizarse, podendo indicar que o regreso sexa en horario de consulta para corroborar o seu estado de saúde.

Ante o **inicio ou empeoramento** de síntomas **cando o/a residente se atope INCORPORADO NO CRD**, **se a persoa residente marchase para o seu domicilio sen valoración polo médico do centro**, o procedemento será o mesmo que se a detección dos síntomas fose no domicilio.

Se os síntomas se presentasen estando no centro de estudos deberá **comunicalo** ao persoal docente para que procedan a actuar segundo o protocolo propio do centro en base á guía común para centros educativos non universitarios, podendo desprazarse ao CRD de ser necesario pero sempre previo aviso.

Cando o afectado se atope no centro residencial deberá **avisar** o antes posible ao Equipo COVID do centro, preferentemente ao médico para que realice valoración, ou no seu defecto a un membro do Equipo directivo ou, en horario nocturno, ao docente de garda.

De non atoparse o médico no centro, polo xeral a atención médica realizarase na seguinte quenda de traballo e non é necesario o traslado do/a residente a un cuarto de illamento agás que a súa situación clínica así o aconselle para o seu propio benestar (vómitos, necesidade de repouso en cama...). O persoal directivo presente ou o persoal docente de garda procederá a



facilitar ao afectado unha máscara cirúrxica no caso de que estea a usar unha hixiénica. En horario diurno a comunicación co médico do centro **poderá** realizarse de maneira inmediata **na situación clínica o requira**, preferentemente mediante chamada ou mensaxe telefónica. En horario nocturno a comunicación **poderá** ser inmediata, en función dos criterios recollidos no protocolo do centro para a atención de urxencias médicas segundo a gravidade do cadro, ou en diferido mediante mensaxe telefónica. En ambos casos evitarase o uso do correo-e. En caso de presentar sintomatoloxía de gravidade, valorada segundo dito protocolo do centro, de ser necesario o persoal directivo presente ou o persoal docente de garda porase directamente en contacto co 061. En caso de precisar traslado a un centro médico deberá realizarse segundo o disposto no protocolo do centro para a atención de urxencias médicas.

Cando unha persoa residente comunique ao persoal docente e/ou directivo que marcha do centro por motivos de saúde, especialmente se non facilita información e/ou documentación que permita descartar a sospeita de Covid-19, este deberá informar o antes posible ao Equipo COVID, preferentemente ao médico, para que, se o estima oportuno baixo criterio sanitario, se poña en contacto coa persoa residente para coñecer e valorar o seu estado de saúde.

No caso de ausencia do médico do centro, en horario diurno deberá indicarse o/a residente que se desprace ao Centro de saúde de referencia para a súa valoración e non será acompañado en ningún caso por persoal do centro, debendo no caso de ser menor de idade facerse responsable o seu pai/nai/titor. En horario nocturno, de non precisarse atención médica inmediata polo cadro, deberá agardarse ao día seguinte para solicitar atención no Centro de saúde de referencia, non debendo acudir ao PAC nin Urxencias agás casos de gravidade.

A persoa afectada **poderá permanecer** no CRD baixo criterio do médico do centro **se o seu estado de saúde lle permite a asistencia ás actividades académicas**. De recomendarse **illamento preventivo e/ou repouso domiciliario** **poderá regresar** ao CRD cando así llo indique o médico do centro. En todo caso, a persoa residente deberá **avisar ao médico do centro da súa intención de reincorporarse** e será el quen decida sobre a idoneidade da reincorporación e cando **poderá realizarse**, podendo indicar que o regreso sexa en horario de consulta para corroborar o seu estado de saúde.

**A realización de test diagnósticos queda limitada a criterio médico, sendo realizados a aqueles casos nos que coexistan contacto estreito cun positivo xunto con sintomatoloxía.**

## **2. Xestión de casos positivos confirmados ou por autotes.**

As persoas que resulten positivas para Covid-19 **nunha proba diagnóstica, tanto se esta é realizada/confirmada por persoal sanitario como se se trata dun autotes**, **tanto se a persoa está no domicilio coma no CRD**, deberán **comunicar** ao Equipo COVID do centro, preferentemente ao médico, este resultado á maior brevidade posible (**se está no centro**, inmediatamente, e **se está no domicilio**, de ser posible no propio día e sempre dentro das 24h seguintes a recibir dita confirmación); así como **aportar certificación ou proba gráfica (fotografía)** do mesmo. O Equipo COVID realizará a comunicación do caso ás autoridades sanitarias á maior brevidade posible.

Deberán **usar de maneira inmediata e obrigatoria máscara cirúrxica ou FFP2 (non hixiénica)** e extremar medidas de prevención. Así mesmo, deberá facilitar os datos daquelas persoas vinculadas ao centro coas que puidese ter mantido contacto estreito de risco.

**Poderán incorporarse ou permanecer no centro se o seu estado de saúde lle permite. No caso contrario actuarase segundo o establecido no apartado previo nº1.**



A permanencia no CRD será nun **cuarto de illamento**, que poderá ser compartido con outra persoa residente positiva, no cal **fará as comidas e pasará a noite**. Queda polo tanto limitado o acceso ao cuarto habitual a momentos puntuais para a recollida de enseres e previa comunicación ao persoal docente e **non poderá manter interacción social con outros residentes sen máscara**, aínda que se mantivese distancia interpersonal de seguridade. Ademais, **non poderá facer uso de salas de estudo, biblioteca, ximnasio, sala de xogos nin cineforum**. A duración destas medidas será de maneira xeral de **10 días** dende o inicio dos síntomas ou do diagnóstico no seu defecto, cun mínimo de 24 horas sen síntomas. Nos casos asintomáticos ou con síntomas leves de rápida desaparición poderá realizarse, baixo criterio médico, un test de antixenos arredor dos 7 días (**material por conta do residente e realización polo médico**) e de resultar negativo valorarase o levantamento do illamento.

### **3. Xestión de contactos cun caso positivo.**

As persoas que teñan a certeza ou a sospeita de ter mantido contacto estreito cunha persoa que resultase positiva para Covid-19, especialmente se se trata dunha persoa do seu núcleo de convivencia familiar; deberán **comunicar** esta situación á maior brevidade, de ser posible no propio día e sempre dentro das 24h seguintes a ter coñecemento desta circunstancia.

Deberán **usar de maneira inmediata máscara**, preferiblemente cirúrxica ou FFP2 **non hixiénica**, e **extremar medidas de prevención nos 10 días seguintes ao último contacto**.

Poderán **incorporarse ou permanecer** no centro, mais deberán en todo momento **extremar as medidas de prevención**, especialmente en zonas de uso común como ximnasio, sala de xogos ou cinefórum; **limitar ao mínimo posible** a interacción social con outros residentes fóra do grupo de convivencia estable **sen máscara**, aínda que se mantivese distancia interpersonal de seguridade. Deberán realizar **estreita vixilancia da aparición de síntomas** compatibles coa Covid-19 e, de ser o caso, actuarase segundo o establecido no apartado previo nº1, **incluíndo neste caso a realización de test diagnóstico polo médico ante a alta sospeita de contaxio**.

### **4. Medidas de prevención nos cuartos de illamento**

**Cando estean ocupados** deberán **senalizarse**, por parte do persoal que acompañe á persoa residente ao cuarto de illamento **incluídas as incorporacións os domingos de darse o caso**, como zona de risco cos indicadores dispoñibles na porta para esta fin, quedando polo tanto restrinxido o acceso a eles so ao persoal estritamente necesario.

A persoa illada **non ten a obriga de usar máscara no cuarto agás que outra persoa entre nel**.

Evitarase a **entrada** nos cuartos agás para o **imprescindible** e farase sempre durante o **menor tempo posible**, evitando tocar obxectos e, **a ser posible cando o residente non este presente e o cuarto este ventilado**. No caso de estar presente o residente a interacción deberá facerse mantendo a máxima distancia de seguridade posible, **a ser posible sen entrar no cuarto**, **facendo ambos uso da máscara e coa porta e ventás abertas**. É obrigatoria a hixienización das mans antes e despois de entrar na zona de illamento.

Para a **entrega de obxectos** farase deixándoos á disposición da persoa illada na zona enfronte da porta sinalizada para tal fin e será a persoa illada a que sairá do cuarto a recollelos unha vez se retire o persoal que os carrexo. Os útiles cos que se sirva a comida no cuarto de illamento serán desbotables na medida do posible, debendo ser depositados na papeleira do cuarto unha vez remate o seu uso. Aqueles que non sexan desbotables deberán permanecer no cuarto para que se proceda á súa limpeza unha vez quede baleiro. Evitarase, na medida do posible, a



retirada do cuarto de obxectos usados pola persoa illada, que deberán quedar nel ata que se proceda á súa limpeza unha vez o abandone, agás os que sexan da súa propiedade e que deberá levar en todo caso consigo para o domicilio.

Ademais, a persoa residente deberá deixar a ventá do cuarto aberta ao marchar do cuarto, tanto a diario (será pechada polo persoal de limpeza) como cando o abandone de forma definitiva.

***Antes de abandonar o cuarto de maneira definitiva*** a persoa residente deberá introducir toda a roupa de cama usada nunha bolsa plástica grande que pechará e deixará no corredor. Esta bolsa será repostada polo persoal de limpeza logo de cada estancia no cuarto de illamento. Os venres o cuarto deberá quedar baleiro, recollido e ventilado as 13:00.

***Unha vez o cuarto quede baleiro de maneira definitiva*** realizarase a debida ventilación do espazo durante 15 a 30 minutos e posteriormente unha limpeza minuciosa pero para a que, por non estar xa ocupada, non é preciso o uso de equipo de protección individual específico, mais si un exhaustivo cumprimento das medidas de hixiene individual. Esta limpeza deberá realizarse sempre facendo uso de luvas desbotables trala finalización da limpeza. Unha vez a limpeza estea rematada o persoal de limpeza deberá repoñer a bolsa de plástico para a roupa de cama e retirar a sinalización de zona de risco. Ademais, deberá deixar constancia no libro de rexistro de limpeza da realización desta tarefa. No tocante ao cambio de roupa de cama, realizarase trala ventilación e limpeza definitiva do cuarto. O lavado posterior da roupa de cama deberá levarse a cabo extremando as precaucións xerais na súa manipulación, especialmente usando luvas desbotables trala finalización da retirada, evitando sacudidas e realizando a carretaxe dentro dunha bolsa pechada.

## **5. Comunicación dos casos**

Cando sexa detectado un caso positivo dunha persoa residente, colaborada bolseira ou traballadora do centro, este deberá ser comunicado ás autoridades pertinentes. Non se comunicarán os contactos agás que, de maneira excepcional, así o indiquen as autoridades sanitarias. Os test diagnósticos realizados polo médico do centro serán comunicados ao centro de saúde de referencia para o seu rexistro.

Cando o Equipo COVID teña constancia dun **caso positivo** entre as persoas residentes ou traballadoras elaborará, preferentemente o médico, unha listaxe de contactos estreitos vinculados ao centro residencial en base á información facilitada de maneira obrigatoria pola persoa residente afectada así como dos datos organizativos do centro e, de ser o caso, da información facilitada por outras persoas residentes ou polo persoal docente que poida dispoñer de datos ao respecto. Os datos dos contactos non serán notificados pero servirán para manter vixilancia do posible volume de extensión de posibles gromos.

Ademais, o Equipo COVID, preferentemente o médico, informará ás persoas residentes **sospeitosas por contacto cun caso positivo no centro** da súa condición como tal e das medidas a adoptar segundo as indicacións recollidas previamente.

## **6. Algoritmos de actuación**

A continuación facilitanse, a modo de resumo deste plan, os tres algoritmos de xestión dos casos ante os distintos escenarios posibles para as persoas residentes. A súa finalidade é ser un medio de consulta rápida no momento realizar as actuacións así como de servir para o repaso periódico a modo de recordatorio das pautas a seguir, mais en caso de dúbida debe recorrerse ao contido completo do plan para máis detalles e aclaracións.



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE DE OURENSE



Ourense, 28 de marzo de 2022

O Equipo COVID do CRD de Ourense.

O director: Francisco Javier García Gómez

O médico: Alberto Fernández Martínez

A Xefa de Residencias: María Eugenia Basanta Leitón.